

# Apuntes gráficos dunha orquestra popular das Mariñas: Os Rambalts

XULIO CUNS LOUSA\*  
XOSÉ M<sup>a</sup> VEIGA FERREIRA\*\*

## Sumario

Comentarios a varias fotografías e carteis que nos mostran diversos aspectos, algúns dos seus integrantes e a evolución dunha orquestra de baile da comarca das Mariñas: Os Rambalts.

## Abstract

Comments on various photographs and posters which show us different aspects, some of the players, and the evolution of a dance orchestra from the Mariñas region: The Rambalts.

Non se pode denominar máis que *apuntes* a este pequeno acercamento a unha das formacións musicais que ó longo de corenta anos, animou as festas das Mariñas. Gran cantidade dos músicos da comarca –e houbo bastantes- tocaron nalgún momento na Orquestra Rambalts, formación que foi unha verdadeira institución, aínda que non foi a única.

As orquestras de baile son un fenómeno relativamente moderno, xa que se orixinaron nos primeiros anos do século XX. O nacemento e a súa evolución vai responder a un cambio nos gustos e forma de desenrolar as festas tradicionais. Neste cambio tiveron gran influencia a introducción dos novos ritmos como o jazz, o tango, a samba, etc. que se escoitaban nas primeiras décadas do século gracias ós novos medios técnicos como eran a radio e o cine sonoro. Estes van ser, sen lugar a dúbidas, dous elementos fundamentais na universalización da música.

Nos anos vinte había na comarca algunhas músicas coñecidas como: *Os Mansos* de Leiro (Miño), *Panchóns* de Sada, *Pitas* de Pontedeume, *Música de Ois*... aparte das que se organizaban nas cidades como Coruña e Ferrol.

Non será ata os anos trinta cando xurdan as grandes orquestras que van dominar o ambiente musical en boa parte do século como é o caso da *Orquestra Radio*, *Os Guiliades*, a *Mallo* e tamén é neste momento cando nace a formación coñecida como “*Os Mozos de Paderne*” que máis adiante van ser coñecidos como *Os Rambalts*.

No nacemento destas novas orquestras van influír dous factores:

Por un lado a crecente importancia das orquestras de baile no desenrolo das festas, como un factor determinante na atracción da xente. Ó contrario dos primeiros momentos en que os programas de festas limitábanse a sinalar a actuación de “una murga”, -á que

---

\*Xulio Cuns Lousa é autor de diferentes estudos relativos á Historia de Betanzos, e tamén de relatos curtos e obras teatrais... É secretario e membro do Comité Científico do Anuario Brigantino.

\*\*Xosé M<sup>a</sup> Veiga Ferreira é Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e traballa no Arquivo Municipal de Betanzos.  
josemaria.veiga@betanzos.dicoruna.es

non se lle poñía nome, xa que puidera ser que nin sequera o tivese- a resaltar a actuación de tal ou cal orquestra que comezaba a ter os seus seguidores e podía ser un factor importante na atracción de público.

En segundo lugar, o desmantelamento dunha boa parte das bandas militares a través da “Lei Azaña” aprobada non ben se proclamou a república no ano 1931, que, entre outras moitas cousas, concedía o retiro voluntario –pagado- a tódolos militares que o desexaran. Suprimíronse moitas das bandas de música militares, pasando os músicos á reserva. Moitos deles tiñan importantes coñecementos musicais e ó integrarse nas orquestras populares fixeron que estas mellorasen e ó mesmo tempo que a profesión de músico collese dignidade.

Neste contexto naceu no ano 1932 o grupo musical: “OS MOZOS DE PADERNE”, chamados así porque eran todos orixinarios dese concello. Algún deles en excedencia de bandas militares, foron acadando nome na comarca como unha das mellores orquestras daqueles tempos

### **Foto 1 (Arquivo Municipal de Betanzos)**

Compoñentes dos MOZOS DE PADERNE e os BARRALES DE CECEBRE xuntos na romaría da SALETA en Presedo (Abegondo) no 1934. Nela figuran os seguintes músicos que amenizaban a festa. De pe de esquerda a dereita: Lauréano Núñez (Barrales), Secundino Deibe Sanmartín (Mozos), Barral Mosquera (Barrales), Serafín Gómez Brea (Mozos), un que era de Brives a quen non se lle recorda o nome (Barrales) e Antonio Díaz Montero (Mozos). Agachados: José Juan Campos Purriños (Mozos), Regino Deibe Sanmartín (Mozos), Eugenio Barral Mosquera (Barrales) e Rogelio López Dopico (Mozos).

OS BARRALES coñecíanse por este nome por ser en orixe todos dunha familia que levaba ese apelido, aínda que co tempo foise integrando máis xente.

Foi neste día cando Pastor Asensio, bo músico, nesta data integrante ocasional dos Barrales, ó oír tocar ós Mozos de Paderne, gustoulle como tocaban e fixo o seguinte comentario: “Son tan buenos que se les puede comparar a la orquesta francesa Rambalts”, de aí ven o nome co que se coñeceron desde ese momento.

A Saleta era unha romaría de moita sona e celebrábanse moi boas festas, de aí a participación destas dúas formacións que actuarían facendo os BARRALES unha demostración de porqué acadaran tanta fama e os MOZOS DE PADERNE (futuros RAMBALTS), inda sendo “xente nova”, que non eran “leña verde”.

### **Foto 2 (Arquivo Municipal de Betanzos)**

Esta formación que figura na fotografía é do ano 1935, época na que adoptaron o nome de RAMBALTS.

De esquerda a dereita figuran: Rogelio López Dopico, saxofón soprano; Serafín Gómez Brea, clarinete; José Saya Corral, trompeta; Secundino Deibe Sanmartín, saxofón alto; José Juan Campos Purriños, bombardino; Regino Deibe Sanmartín, trombón e Antonio Díaz Montero, tuba.

Orquestra moi equilibrada: Serafín foi o que máis tempo durou no exercicio da profesión; Saya Corral, deu clases de trompeta, xa retirado, na súa casa; e José Juan Campos, mentres viviu en Betanzos tivo, no seu domicilio, unha “Academia de Música”, ata que marchou para a Arxentina.

A combinación musical é de traza clásica, estando composta por un clarinete, unha trompeta, dous saxos, bombardino, saxofón e tuba. Décimos de traza clásica xa que todos



*Foto 1.- «Os Mozos de Paderne» e «Os Barrales» na romaría da Saleta en Presedo (1934).*

os instrumentos aparecen desde as orixes destas orquestras, como a que nos estamos a referir, a excepción do trombón de varas que da a nota de modernidade no conxunto.

Ata ese momento o saxofón –que aparece no 1840- era o instrumento que máis marcara o comezo das primeiras orquestras. O feito de que fose unha novidade e non difícil de



*Foto 2.- Os Rambalts no 1935.*

aprender, a un nivel elemental, influíu na crecente aceptación popular, sobre todo despois da primeira guerra mundial, en que causaba furor, debido ós ritmos de jazz. As orquestras comezaron a incorporalo para aumentar a sonoridade do conxunto.

Nas primeiras orquestras un instrumento imprescindible era o bombardino, da familia das tubas, pero que -no canto de facer acompañamento, coma o baixo- levaba unha parte melódica moi importante e, ademais, cun son moi grato. Digamos que era o equivalente ó barítono na voz humana. Pois, en pouco tempo, a finais dos anos trinta, foi progresivamente substituíndose polo trombón de varas.

Outra novidade acaecida nestes anos foi a de interpretar cantada algunha peza musical. Isto que hoxe vemos como “normal” naquela época era dabondo difícil de facer destacar a voz humana por encima dos instrumentos da orquestra. Esta dificultade solucionouse, en parte pola aparición dun altofalante de forma cónica, feito de cartón, que permitía ampliar algo a voz do cantante. Era a orixe dos altofalantes eléctricos que usaron, e usan, aínda hoxe.

### **Foto 3 (cedida pola familia de Rogelio López)**

Esta fotografía está feita no ano 1945 ó comezo da Avenida de Jesús García Naveira, de Betanzos, fronte á entrada da Casa cuartel da Garda Civil. Nela figuran, de esquerda a dereita: Rogelio López; Antonio Breixo e Secudino Deibe de Paderne, os outros tres non os coñecemos, pero o que está de traxe claro e “pajarita” é o cantante e os outros serían tamén músicos xa que van con traxes semellantes.

Ó fondo vense dúas casas con galerías: Na da esquerda, tiña o seu negocio o Dopico, e na da dereita a señora de Emilio Pita. Máis á dereita aparece un portalón –hoxe





*Foto 3.- Os Rambalts en Betanzos no 1945.*

desaparecido- que tiña acceso por unhas escaleiras, que se ven perfectamente. A continuación desa porta había unha pequena edificación, onde se ubicaba a oficina de dirección dos impostos das alcabalas e demais gabelas. A continuación desa oficina estaba outra porta similar á que se ve na fotografía, pero sen escaleiras, dada a inclinación do chan que había entre as dúas portas.

O edificio que se trasvé era a “Casa Cuartel de la Guardia Civil”. Fronte da fachada do cuartel había uns galpóns onde se gardaban o trigo, centeo e demais froitos cereais, dun mercado para outro.

A parte contraria á que aquí vemos estaba constituída por un muro duns tres ou catro metros.

Era pola tardiña cando se dirixían a facer un baile nos arredores... ¿ou sería no mesmo Liceo?, cando foron “asaltados” polo fotógrafo que non lles deu máis tempo que a deixar os sombreiros e instrumentos arrimados ó edificio do Liceo. O do bombardino pousouno directamente no medio da rúa. Curiosa premonición para un instrumento que ía deixar de aparecer nas orquestras a partir destes anos, sendo substituída definitivamente a súa función orquestral polo trombón de varas.

#### **Fotos 4 e 5 (cedida pola familia de Regino Deibe Sanmartín e de Rogelio López)**

Esta fotografía é do ano 1942. O primeiro pola esquerda, tocando o saxo soprano, é Rogelio López Dopico; segue a continuación, Serafín Gómez Brea co saxofón tenor; seguen un saxo alto e o batería, descoñecidos, a continuación aparece Antonio Díaz Montero, có helicón; séguelle un trompeta que non identificamos; e o derradeiro, co trombón, Regino Deibe Sanmartín.



Fotos 4 e 5.- Os Rambalts nun San Antonio de 1942.

**Gran Baile en Betanzos Norte**  
El día 16 de Junio  
amenizado por la única creadora de bailes americanos, cubanos, mexicanos, chileros, etc.,



**ORQUESTA "RAMBALTS"**  
que presentará un escogido repertorio con el que demostrará que no hay quien le iguale en sus numerosas creaciones de gran éxito  
**La más fiel intérprete de música clásica**  
**¡Todos a Betanzos Norte!**

Tin. - Rodríguez Barro & S<sup>o</sup> - Coruña

Coa aparición da música de Jazz nos anos vinte aparecen as baterías modernas coñecidas como “O Jaz”. Na nosa comarca non vai ser ata os anos corenta –esta é dun día de San Antonio de 1942- que se xeralicen nas orquestras, antes usábase por regra xeral unha caixa cun platillo enriba. A que se ve na foto loce co nome da orquestra no centro da formación.

É unha das últimas veces que vemos o helicón formando parte da orquestra. A súa función vaina desempeñar o baixo.

Destaca tamén o trombón, este novo e insólito instrumento gañou, inmediatamente, polo menos, a atención de todos e a admiración de moitos. Non tiña chaves nin pistóns, había que busca-la nota xusta a forza de estirar e encoller a “vara móbil” pola outra vara que estaba fixa e, habíaos, que non marraban nota.

A mesma foto serve para ilustrar o cartel anunciador dun “Gran Baile en Betanzos Norte”, un día 16, xa que, tanto O *Garapero* do Norte como O Grandal de Paderne, facían baile tódolos días que había feira en Betanzos.

Nesta ocasión o baile estaría amenizado “*pola única creadora de bailes americanos...la más fiel intérprete de música clásica...ORQUESTA RAMBALTS*”.

**Foto 6 (Arquivo Municipal de Betanzos)**

O mesmo cartel danos a data de 1950 desta formación, unicamente coñecemos ó Seva que está co trombón, detrás del Norberto Couce, e o animador Máximo Carballal.

Aparecen soamente un clarinete, un trombón de varas e o acordeón. A aparición destes instrumentos non é casualidade, posiblemente serían os números que actuarían como reclamo. Ademais tanto o trombón como o acordeón van ser os instrumentos destacados na maioría das orquestras da época.

O acordeón é un instrumento relativamente moderno, xa que foi inventado no século XIX, e incorporouse con gran rapidez na música tradicional de toda Europa. Posúe moitas vantaxes respecto de outros instrumentos, por un lado permite a un solo músico levar a melodía e o acompañamento e incluso cantar, é fácil de aprender -polo menos para empezar- e é un instrumento



Foto 6.- Os Rambalts, 1950, nun cartel de festa organizada por un particular na Rúa Travesa .



resistente, moi apropiado para viaxar.

Nas orquestras aparece nos anos trinta, xeneralizase o seu uso a partir dos anos corenta, e nos anos cincuenta faise imprescindible a súa presenza. Houbo algunhas formacións que se caracterizaron polo uso deste instrumento como os Espallantes e os Mallos. Na nómina de bos acordeonistas temos que citar tamén os mestres de Pontevedra que deixaron moita pegada na nosa comarca: Os Poceiros, e por suposto, César Dios, *Diosíño*.

Entre os solistas do trombón destacaron dous na comarca: “O Granxeiro” e “O Seva”, que militaban en orquestras diferentes.

As orquestras nas que eles estaban integrados, tiñan moita “saca” e contratábanas, case sempre, para tocar na mesma festa, xa que sabían que, unha vez terminado o descanso, comezaba a “competencia”, na que as pezas que se fan interpretar tiñan sempre un “solo de trombón”, de difícil execución. A xente, polo menos a maioría, non bailaba e amoreábase fronte ó palco da orquestra que estaba en turno de tocar. Os “fans” -como se diría agora- “jaleaban” a aquel que era o seu preferido e ó terminar, veña aplaudir.

Os artistas do trombón, cando calquera deles terminaba a súa sesión, facía un aceno tan expresivo, que calquera podía entender: “aí queda iso” ou “haber se o melloras”.

Entre o público había discusións, que ás veces chegaban a palabras maiores, incluso “as mans”.

Fronte á igrexa de Santa María abrírase un establecemento titulado “El Portugués”, xa que o titular tiña esa nacionalidade. Nacera en Funchal. O negocio tiña dúas especialidades: unha, a representación das máquinas de coser Alfa e a dos aparatos de radio Philips.

A súa propaganda principal, ademais de repartir os clásicos folletos, de cando en cando, polo verán, organizaba un baile-verbena na Rúa Travesa. El poñía iluminación extraordinaria e pagaba unha orquestra que usaba a amplificación “Philisp”.

A escasos metros, case na mesma rúa, había tempo que funcionaba o establecemento de Cancela.

Nun principio a voz humana non entraba nas orquestras, xa que non se podía oír no medio deses instrumentos, pola sinxela razón de que non había megafonía. Pero inventouse axiña, xa que os encargados de cantar aquelas pezas de música que tiñan letra, fixéronse cuns megáfonos de cartón, de forma cónica, e con aquel “chisme” diante da boca, cantaban –ou o que fora- as letras das pezas que a tiñan.

Como iso non “furrulaba” ben, un electricista que casara en Betanzos, fíxose cuns equipos amplificadores do son, que constaban dun micrófono e varios altosfalantes, aparte do mecanismo que os facía funcionar. Entón as orquestras alugábanlle ó empresario un equipo deses, e tódalas agrupacións musicais tiveron que ampliar a orquestra cun “animador”, “cantante” ou “vocalista.” Nesta ocasión os Rambalts contaban cun vocalista de Lugo, que cantaba bastante ben sobre todo cousas aflamencadas, que lle chamaban Máximo Carballeda.

Para este sistema que acabamos de dicir había un inconveniente: era que non tódalas aldeas de Galicia tiñan corrente eléctrica. ¿Cómo facían? Se naquel lugar, ou preto del había alguén que tivera unha malladora, ese podía, poñendo o motor en marcha, dar luz para iluminar o palco e que funcionaran os altosfalantes.

Pero alugándolle os altavoces a “José Cancela -Electricidad y Radio - Altavoces y alumbrado para bailes...” etcétera, que os levaría nunha motocicleta moi potente, que tiña. Armaba todo: altavoces e iluminación. Poñía a motocicleta en marcha pero sen marchar, e xa había festa.





Foto 7.- Os Rambalts a mediados dos anos 50.

### Foto 7 (Arquivo Municipal de Betanzos)

Esta formación da orquestra, supoñemos que, poucas veces se repetiu. Figuran na fileira de atrás, de esquerda a dereita: *O Castellano*, trombón, que pertencía a unha familia castelá, na que había varios electricistas, e que se apoucentou coa fin de traballar nunha fábrica de electricidade que se instalara na parroquia de Vilarmaior; Pepiño de Mera e Sabín, trompetas; e na batería o incombustible Norberto da Viña; na fileira de diante: Anibal González "*O Bó*", que supoñemos iría de reforzo, pois el, que inventou a Orquestra Brigantina, xamais renunciaría a ela; seguidamente O Xilo, Manolo *O Cambanés* e Mandiá, saxofóns; Luis Cerdeiriña, cantante que tamén tocaba o violín; e, por último, o acordeonista Díaz, de Sada.

A foto é de mediados dos anos cincuenta, a época dourada das grandes orquestras con moitos músicos a imitación das Big-Bands americanas. As orquestras existentes na comarca acollen estas novidades e forman grandes orquestras como os Satélites, Rambalts, Orquesta X, Lamas La Piña, Radio, Patolos...

Chegou a haber orquestras con cinco saxofóns: tres altos, dous tenores e un barítono; tres trompetas; un ou dous trombóns, contraabaixo, piano e batería; e vocalistas ata tres.

### Foto 8 (Foto cedida por Pepe de Penas)

Formación moi parecida á anterior, variando no seu vocalista que neste caso é Pucho Cobelo, reforzados polo contraabaixo, Pepiño de Maniños.

Na fila de atrás, de esquerda a dereita, figuran: *O Castellano*, trombón; Pepiño de Mera, trompeta; Sabín, trompeta; Díaz, acordeón; Norberto Couce, batería. Fileira de abaixo:

Aníbal González “O Bo “, saxofón; Xilo, saxofón; Cambanés, saxofón; Mandiá, saxofón; Pucho Cobelo (nome artístico de Pepe de Penas), vocalista; Pepiño de Maniños, contrabaixo.

**Foto 9 (cedida pola familia de José Porca Varela)**

Era difícil para calquera membro de comisión de festas, destes primeiros anos da década dos sesenta, dudar da capacidade artística da



*Foto 8.- Os Rambalts a fianis dos anos 50.*

orquestra á vista do presente cartel. Con elegancia posan en estudiada formación triangular no centro da base o vocalista Pepe de Penas, de nome artístico Pucho Cobelo. No vértice da pirámide con traxe lixeiramente distinto está Pepe de Maniños, a razón da súa variación na vestimenta débese a que fora o último en ingresar no grupo polo que non había traxe para el.

Os compoñentes de esquerda a dereita eran os seguintes: Pepe de Cesuras, Abeal, O Xilo, Josué, José Porca Varela, Pepiño de Maniños, Eduardo de Sada, Purriños, O Castellano, Sabín e remataba a formación en estudiada pose Norberto Couce.

Os Rambalts pasaron por moitas vicisitudes ó longo dos anos en canto á súa calidade, dependendo, naturalmente, dos músicos que en cada momento a integraban. Na época na que ocorreu o *suceso* que imos relatar, non estaba moi boiante pero, emporiso seguía traballando moito, inda que non por esta zona. Víñana a contratar de moitos lugares das provincias de Lugo, de Ourense e mesmo de León e de Zamora.

En todas estas orquestras había un dos seus compoñentes que se encargaba dos contratos e, nesta como ben di o cartel exercía deso Norberto Couce Brozos, que tocaba a batería e que, se como músico non sería ningún virtuoso, como tratante non o había mellor. Hai xente que nace con ese don para o que se requiren moitas facetas: ter bo carácter e mostrarse agradable á outra parte contratante; ser algo psicólogo; ter boa memoria para acordarse do sitio para onde o queren contratar, por mor lle dicir ó outro que aquel é un lugar onde irían tocar de balde se non fora que os músicos teñen que vivir do que gañan; saber unha mancha de refráns, ditos e proverbios para ir dicíndoos oportunamente na conversa, que non sempre xira arredor da contrata; ter unha boa capacidade estomacal para assimilar tódalas tazas, cafés, copas e demais libacións que é obrigado facer cando se está efectuando un trato, mantendo o entendemento claro, para ver de pillar ó outro ou, cando menos, que o outro non te pille a ti.

Todas estas facultades e moitas máis, tíñaas o noso batería quen, un día de feira, pasada-las once da mañá, atopábase no café Capitol tomando unha cervexa cando se lle acerca un home loiro, duns corenta anos, que xa se dirixiu directamente ó músico chamándolle polo nome, sinal que xa o coñecía.

-¿Como estás, ho? Precisamente andaba á túa procura.

# ORQUESTA RAMBALTS



**EL CONJUNTO MUSICAL CUYAS ACTUACIONES**  
**SE CUENTAN POR ÉXITOS CLAMOROSOS**

con el divo de la canción flamenca y melodías modernas

**PUCHO COBELO**

La Orquesta especializada en amenizar fiestas patronales,  
con un selecto y variado repertorio de actualidad.

**¡¡ 12 profesores de jazz !!**

**DINAMISMO - ARTE - ALEGRIA**

Consulte presupuestos con el director artístico:

**NORBERTO COUCE BROZOS**

IRIJOA - BETANZOS (La Coruña)

-:-

Teléfonos, 324 y 204

IMP. M. VILLUENBAS - BETANZOS

Foto 9.- Os Rambalts a principios dos anos 60.

- Pois xa ves. Eu agardando por ti. ¿Como che vai?  
-Moi ben. Por ti non pasa un día.  
-Un día non, que non se nota. Pasan os anos. ¿E que tal por alá?  
-Coma sempre. Aquilo é todo unha rutina, ata que vai chegando a festa.  
-E agora ben axiña.  
-Si. Ti xa sabes que é para os Dolores.  
-Home; non hei saber. Non é a primeira vez que toco aló.  
-E penso que non será a derradeira. Este ano terás que volver...  
-Iso está feito.  
-...terás que volver se chegamos a trato.  
-Malo será.  
-O último ano que estiveses á xente pareceulle moito o que cobrastes.  
-Que imos cobrar, oh. Pódese dicir que nos traballamos polo caldo.  
-O que vos cobrades chega pro caldo e para as talladas e sobra pro viño, cafés e boas copas.  
-Agora que falaches do viño imos emborcar unhas cuncas por aí adiante.  
Saíron do café e metéronse polas calexas do Campo que visitaron paseniño pero arreo. Seguiron falando de mil cousas pero, de cando en cando, un ou o outro, sacaba a conversa da festa dos Dolores daquel pobo de Ourense agachado tras dunhas enormes montañas, preto de Portugal.  
-¿E aquel trompeta que foi a última vez, inda segue na orquestra?  
-Sómo-los mesmos agás un saxofón, o tenor, que o cambiamos por outro que é un fenómeno.  
-¿E o vocalista, aquel rapaz noviño e miúdo, tamén está?  
-¿Pucho Cobelo? claro que está e cada día canta mellor.  
Cando xa non quedaban máis tabernas nas calexas atravesaron o Campo e foron cara ó Rollo e, unha vez alí, entraron no «O´BO», que era un bar de músicos. Xa o eran os propietarios e tamén moitos dos clientes. Pediron máis viño e algo para comer porque senón o viño roía no estómago.  
-Agora vai sendo hora de mirar se chegamos a trato.  
-¿E a cousa como vai ser: a mantido ou comemos pola nosa conta?  
-Terá que ser a mantido porque alí non hai hoteis, fondas nin pousadas.  
-¿Cantos días son de festa?  
-Dous.  
-Pois... -despois de botar contas mentalmente- son doce mil réas e sesenta pesos.  
-Ti toleaches.  
-¿Paréceche pouco?  
-O que me parece é que estás estudiando pra ladrón.  
-Esa peza tamén a temos no «repertorio».  
E púxose a cantar:

*Estudí para ladrón  
y al terminar la carrera  
lo primero que robé  
fueron tus ojos, morena.*



-Canta, canta. Cántanche no papo os doce mil réas, pero agarda por aí que xa te chamarei.

-Pois a ver que atopas por menos cartos.

-¡A barrer! -dixo o ourensán abrindo e xuntando os dedos das mans.

-Home, si. Pero... ¿que músicos? Porque aínda hai clases.

-¡Bah, bah, bah! ¿Así que doce mil réas e ...?

-E sesenta pesos, que son para o dos altosfalantes.

-Pois mira, por eses cartos levo a Banda de Alongos.

-Levas, oh. Pero ten en conta que che comen un bocoi de guiso.

### **Foto 10 (cedida por Pepe Marcote)**

Os anos setenta foron malos para a orquestra Rambalts, rematando no 1974 a súa andaina musical. Esta formación é das últimas antes de desfacerse, nela figuran de pé, de esquerda a dereita:

Pedrito; Eduardo; Moncho Couce; Manolo o Xilo, Sabín; Villaverde; e Pepe Marcote. Sentado diante: Pepe Fraguío, que era o vocalista.

Era unha época de crises na que as novas tendencias deron como resultado o abandono de moitas salas de festa e o desenrolo das discotecas. As orquestras sufriron o golpe e moitas desapareceron como aconteceu coa tradicional orquestra Rambalts.

Ó longo de todo este período dende o seu inicio aló polo ano 1932, a orquestra pasou por distintos avatares con momentos altos e baixos, con maior ou menor calidade, dependendo dos músicos que a integraban, claro, pero sempre coa súa marcada personalidade.



*Foto 10.- Os Rambalts no 1972, pouco antes de desfacerse definitivamente.*



Agradecementos:

Ás familias de Rogelio López, Norberto Couce, José Porca e Rogelio Deibe, así como a Pepe Marcote, Pepe de Penas, José Antonio Amor e Francisco José Meijide, pola súa colaboración para a realización deste pequeno «apunte». Graciñas.